



Resolución do 11 de abril de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se fai pública a convocatoria de bolsas para estadias no estranxeiro dirixidas ao alumnado do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Fotografía das escolas de arte e superiores de deseño da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas terán como finalidade proporcionar ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos/das futuros/as profesionais das artes plásticas e o deseño, entre outras ensinanzas artísticas.

O Real decreto 1432/2012, do 11 de outubro, establece o título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Fotografía pertencente á familia profesional artística de Comunicación gráfica e audiovisual e aproba as correspondentes ensinanzas mínimas. No seu anexo I regula as ensinanzas mínimas e a descrición do perfil profesional e do contexto profesional deste título, recollendo en relación aos sectores produtivos que *"pode exercer a súa profesión no ámbito público ou privado, en empresas do sector da comunicación, axencias de publicidade, estudos de deseño, de moda, prensa, editoriais, TV. En empresas e institucións doutros sectores que así o requiran. Museos e empresas de restauración de obras de arte, arqueoloxía, laboratorios forenses, investigación policial, medicina legal, peritación, etc."*, e en relación ás ocupacións e postos de traballo relevantes, entre outros, o de *"Fotógrafo de moda. Encargos de deseñadores, fabricantes, distribuidores e revistas de moda"*.

Así mesmo, na Comunidade Autónoma de Galicia o Decreto 92/2015, do 11 de xuño, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Fotografía, indica no seu artigo 7.1 que a persoa que obtén o título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Fotografía pode exercer a súa profesión nos precitados sectores produtivos, e no seu artigo 7.2d) que é un/unha profesional cualificado/a para desenvolver, entre





outros, o posto de traballo e ocupación de "Fotógrafo/a de moda. Encargos de deseñadores/as, fabricantes, distribuidores/as e revistas de moda".

O Convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e a Fundación MOP – The MOP Foundation para a colaboración educativa nas ensinanzas artísticas profesionais de artes plásticas e deseño, do 8 de marzo de 2024, establece as bases de colaboración entre esta fundación e a Xunta de Galicia para a realización de estadias no estranxeiro por parte de fotógrafos/as formados/as en Galicia que veñan de rematar os estudos profesionais de artes plásticas e deseño nas escolas de arte e superiores de deseño da Comunidade Autónoma de Galicia.

En consecuencia, esta Dirección Xeral, **RESOLVE:**

Primeiro. Obxecto e ámbito de aplicación

Esta resolución ten por obxecto convocar catro bolsas para alumnado das catro escolas de arte e superiores de deseño (unha bolsa por cada escola) da Comunidade Autónoma de Galicia que finalice o segundo curso do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de artes plásticas e deseño en Fotografía.

Segundo. Contido das bolsas

1. Cada bolsa dará dereito á viaxe, aloxamento, programa educativo e manutención xerados pola estadia artística das persoas bolseiras na Fundación Sozzani (Milán), entidade colaboradora da Fundación MOP neste programa, ao longo dos meses de setembro, outubro, novembro e decembro de 2024.

2. As persoas bolseiras estarán guiadas por titores/as e desenvolverán un proxecto fotográfico cuxo resultado final poderá ser exposto nun espazo a determinar. Ademais, desfrutarán de varios contidos:

- Masterclasses con fotógrafos relevantes e personalidades do mundo da fotografía.





- Participación en eventos fotográficos promovidos por Vogue Italia.
- Participación nas actividades da Fundación Sozzani, tales como a preparación dunha das súas exposicións.
- Asistencia ao festival PhotoVogue en novembro.
- Desenvolvemento de actividades en colaboración con escolas de arte/imaxe/fotografía francesa e/ou italianas.
- Realización de polo menos unha viaxe académico e cultural a cidades como París e/ou Roma.

Terceiro. Requisitos

1. Estar matriculado/a no curso 2023/24 no segundo curso do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de artes plásticas e deseño en Fotografía nalgunha das catro escolas de arte e superiores de deseño da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Ter superado integramente o primeiro e o segundo curso do antedito ciclo formativo de grao superior antes do remate do prazo de presentación de solicitudes.

3. Ter presentado durante o prazo de inscrición certificación dun nivel de competencia lingüística B2 ou superior en lingua inglesa. Unicamente serán válidas as certificacións das escolas oficiais de idiomas ou de calquera das entidades recollidas no anexo da *Orde do 21 de xuño de 2016 pola que se modifica a Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes desta consellería* (DOG do 7 de xullo).

4. Presentar durante o prazo de inscrición un currículum vitae acompañado de documentación gráfica relativa a un proxecto de fotografía, que poderá ser un proxecto realizado con anterioridade.





Cuarto. *Prazo de inscrición*

Para participar nesta convocatoria o alumnado deberá cumprimentar o formulario de inscrición segundo o anexo desta resolución, que deberá presentar na secretaría da escola de arte e superior de deseño na que cursase as ensinanzas artísticas profesionais de artes plásticas e deseño no curso 2023/24 e ao que deberá xuntar: certificación dun nivel de competencia lingüística B2 ou superior en lingua inglesa, currículum vitae e documentación gráfica relativa a un proxecto de fotografía. O prazo de inscrición estará aberto do 1 ao 22 de xullo de 2024, ambos os dous días incluídos.

Quinto. *Obrigas das escolas de arte e superiores de deseño*

As secretarías das escolas de arte e superiores de deseño da Comunidade Autónoma de Galicia rexistrarán a documentación das persoas que se inscriban durante o prazo establecido, e remitirán á Subdirección Xeral de Aprendizaxe Permanente, Ensinanzas Artísticas, Idiomas e Deportivas:

- a) A documentación correspondente ás persoas inscritas durante o prazo establecido na presente resolución.
- b) Certificación académica de cada unha das persoas inscritas, que inclúa a nota media aritmética, expresada con dous decimais, das cualificacións dos módulos do 1º e do 2º curso que teñan expresión numérica, sen que se teñan en conta no dito cálculo as cualificacións de «apto», «exento» ou «validado». Non se ponderarán as notas atendendo ao número de créditos ECTS de cada módulo.

Sexto. *Entrevista*

1. Seleccionaranse os tres mellores expedientes de cada escola de arte e superior de deseño atendendo ás certificacións académicas remitidas por estes centros educativos, de entre as persoas inscritas que cumpran os requisitos.





2. As persoas seleccionadas, atendendo ao parágrafo anterior, deberán realizar unha entrevista o 29 de xullo de 2024 que terá lugar a partir 10.00 horas nas dependencias da Dirección Xeral de Formación Profesional, no Edificio Administrativo San Caetano de Santiago de Compostela. Esta entrevista terá unha duración aproximada de 20 minutos, e as persoas aspirantes serán convocadas a través do enderezo de correo electrónico indicado no formulario de inscrición.

3. A entrevista será cualificada entre 0 e 10 puntos. Nesta entrevista valorarase o coñecemento e interese acerca da fotografía de moda. Deberá acadarse un mínimo de 5 puntos para poder resultar seleccionado/a.

Teranse en conta os seguintes criterios de valoración:

- Currículum vitae.
- Calidade do proxecto de fotografía, a valorar a través da documentación gráfica presentada, valorándose especialmente a conexión deste proxecto coa fotografía de moda.
- Interese pola fotografía de moda realizada en Galicia, no resto de España e no estranxeiro.
- Motivación e grao de madurez para realizar a estadía.
- Claridade e corrección técnica nas respostas ás preguntas da comisión avaliadora.

4. A cualificación desta entrevista establecerá a orde de adxudicación das bolsas. A comisión avaliadora recollerá nunha acta a listaxe de persoas ordenadas por cualificación, así como a adxudicación das bolsas ás persoas seleccionadas.

Sétimo. Comisión avaliadora

1. Para a valoración das solicitudes, entrevista e selección das persoas candidatas, constituirase unha comisión avaliadora que estará integrada por:





- a) A persoa responsable da Dirección Xeral de Formación Profesional ou persoa en quen delegue, que será o/a seu/súa presidente/a e terá voto de calidade en caso de empate.
- b) Dous vogais: a persoa responsable da Subdirección Xeral de Aprendizaxe Permanente, Ensinanzas Artísticas, Idiomas e Deportivas, e un vogal da Fundación MOP ou da Fundación Sozzani.
- c) Unha persoa asesora de ensinanzas artísticas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que actuará como secretaria da comisión.

2. A comisión avaliadora terá atribuídas as competencias para o outorgamento das bolsas, sendo a súa decisión inapelable.

3. No caso de que nalgunha das escolas de arte e superiores de deseño non existan persoas inscritas ou non cumpran os requisitos necesarios para participar na convocatoria, a comisión avaliadora poderá declarar deserta algunha das catro bolsas ou poderá adxudicar a bolsa correspondente a ese centro educativo á persoa candidata doutra das escolas que obteña mellor cualificación na entrevista entre as persoas non seleccionadas.

Oitavo. Adxudicación das bolsas

A adxudicación das bolsas ás persoas seleccionadas será publicada antes do 31 de xullo no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Noveno. Memoria da estadía

No prazo dun mes contado desde o remate da estadía, as persoas que a realizaron deberán entregar unha memoria que detalle as actividades realizadas durante a estadía, memoria á que xuntarán o proxecto fotográfico desenvolto nela.





Esta documentación será entregada na secretaría da escola de arte e superior de deseño na que cursase as ensinanzas artísticas profesionais de artes plásticas e deseño no curso 2023/24.

Décimo. Datos de carácter persoal

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

3. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

4. A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da





Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

6. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Formación Profesional

María Eugenia Pérez Fernández





Anexo

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
Inscrición. Bolsas para estadias no estranxeiro.	Ensinanzas artísticas profesionais de Fotografía	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME:	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NIF/NIE/Pasaporte:
ENDEREZO:			
CP:	PROVINCIA:	CONCELLO:	LOCALIDADE:
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	
DATA NACEMENTO		NACIONALIDADE	

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL:	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	DNI/Pasaporte:

DATOS DAS PERSOAS PROXENITORAS OU REPRESENTANTES LEGAIS (obligatorio no caso de solicitudes de menores de idade)			
A solicitude deberá ser asinada pola persoa solicitante. Se esta é menor de idade, ademais deberá ser asinada por calquera das persoas titulares da patria potestade ou representantes legais. No caso de separación ou divorcio destas persoas, será necesaria a sinatura de ambas, agás nos supostos de alumnado afectado por situacións de violencia de xénero ou de que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a unha delas. Nestes casos, cumprirá presentar, coa solicitude, a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo.			
NOME:	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NIF/NIE/Pasaporte:
NOME:	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NIF/NIE/Pasaporte:

EXPÓN:
- Que cumpre cos requisitos establecidos na Resolución do 11 de abril de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional.
- Que presenta xunto con esta solicitude certificación dun nivel de competencia lingüística B2 ou superior en lingua inglesa, segundo o establecido na convocatoria.
- Que presenta xunto con esta solicitude currículum vitae acompañado de documentación gráfica relativa a un proxecto de fotografía.
- Solicito participar na convocatoria que se fixo pública pola Resolución do 11 de abril de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional.





Unicamente serán válidas as certificacións das escolas oficiais de idiomas ou de calquera das entidades recollidas no anexo da Orde do 21 de xuño de 2016 pola que se modifica a Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes desta consellería (DOG do 7 de xullo).

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento
Contacto delegado de protección de datos e mais información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais
Actualización normativa:	No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 11 de abril de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se fai pública a convocatoria de bolsas para estadias no estranxeiro dirixidas ao alumnado do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Fotografía das escolas de arte e superiores de deseño da Comunidade Autónoma de Galicia.

Convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e a Fundación MOP – The MOP Foundation para a colaboración educativa nas ensinanzas artísticas profesionais de artes plásticas e deseño, do 8 de marzo de 2024.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE LEGAL

Lugar e data de de 2024

OBSERVACIÓNS:
Deberase presentar este formulario correctamente cuberto e asinado na secretaría da escola de arte e superior de deseño na que cursase as ensinanzas artísticas profesionais de artes plásticas e deseño no curso 2023/24, xunto con certificación dun nivel de competencia lingüística B2 ou superior en lingua inglesa, currículo vitae e documentación gráfica relativa a un proxecto de fotografía.

